

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do funcionamento de hortas urbanas municipais sostibles e solidarias do Concello de Ames

Anuncio

Ordenanza reguladora do funcionamento de hortas urbanas municipais sostibles e solidarias do Concello de Ames

En sesión plenaria de 25 de abril de 2013 prestouse aprobación inicial á Ordenanza reguladora do funcionamento de hortas urbanas municipais sostibles e solidarias do Concello de Ames.

Dito acordo de aprobación inicial foi sometido a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, no Boletín Oficial da Provincia núm. 90, de 13 de maio de 2013, sen que durante o referido prazo fora presentada ningunha reclamación.

De conformidade ao acordo plenario de 25 de abril de 2013, ao non haberse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, o acordo de aprobación inicial quedou elevado a definitivo de maneira automática.

En cumprimento do previsto no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases del réxime local (LRBRL), publícase o texto íntegro da Ordenanza reguladora do funcionamento de hortas urbanas municipais sostibles e solidarias do Concello de Ames.

ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO DE HORTAS URBANAS MUNICIPAIS SOSTIBLES E SOLIDARIAS DO CONCELLO DE AMES

O Concello de Ames, ao abeiro do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), na Lei 33/2003, de 3 novembro, de patrimonio das administracións públicas, no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais (RB) e demais disposicións aplicables, procede a regular o uso de parcelas urbanas habilitadas para Hortas Urbanas Municipais Sostibles e Solidarias co fin de garantir unha correcta xestión das mesmas.

Artigo 1. Definicións

a) Horta Urbana Municipal. Espazo público xestionado polo Concello de Ames, formado por pequenos terreos de cultivo e destinado á práctica de agricultura sostible.

b) Comisión técnica de seguimento. Creada dende o Concello co fin de velar polo cumprimento da presente ordenanza.

c) Usuario/a. Persoa que coida e cultiva unha parcela da Horta Municipal Sostible e Solidaria, previa autorización do seu uso.

Artigo 2. Obxectivos.

1. Recuperar espazos urbanos para uso público e achegar diversidade á paisaxe do municipio.
2. Ofrecer un espazo de ocio e actividade para as persoas.
3. Fomentar a participación cidadá.
4. Promover boas prácticas ambientais de cultivo, xestión de residuos, aforro de auga, agricultura ecolóxica, recuperación de usos e costumes da agricultura tradicional, preservación de variedades autóctonas, etc.
5. Mellorar a saúde da cidadanía e manter a calidade de vida.
6. Favorecer a integración de colectivos, ocupando o seu tempo e facilitando a creación de novas relacións.
7. Potenciar o carácter educativo das hortas
8. Establecer e valorar as relacións entre o medio natural e as actividade humanas.
9. Promover unha alimentación sa e hábitos saudables
10. Impulsar un maior coñecemento e respecto polo medio natural.
11. Promover as relacións e o intercambio xeracional e intercultural.

Artigo 3. Descrición.

A horta urbana municipal sostible e solidaria do Concello de Ames, obxecto desta ordenanza ten unha superficie de 1600 m², sitúase nun terreo de propiedade municipal, na Área de Planeamento Específico A.PE. B/-01, no núcleo urbano de Bertamiráns.

Artigo 4. Obxecto.

A presente normativa ten como obxecto o establecemento das disposicións que rexerán a autorización e uso das Hortas Urbanas Municipais Sostibles e Solidarias en espazos públicos municipais habilitados para tal efecto. As súas disposicións obrigan tanto aos/ás usuarios/as como ao Concello de Ames.

Artigo 5. Ámbito de aplicación.

A presente ordenanza é de aplicación aos terreos propiedade municipal cunha extensión de 1600 m², situados na área de Planeamento Específico A.PE. B7-01, así como aqueles outros que nun futuro puideran existir.

Artigo 6. Destinatarios/as

Para poder acceder á solicitude do uso das Hortas deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Figurar inscrito/a no padrón municipal de habitantes do Concello de Ames.
- c) Estar fisicamente e psiquicamente capacitado/a para realizar traballo de horta, mediante aportación de informe médico.
- d) Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias municipais.
- e) Asinar o documento de aceptación e cumprimento das obrigas expostas nesta ordenanza.

Artigo 7. Prohibicións para ser destinatarios/a.

- a) Pertencer a unha unidade familiar que xa é usuaria de Horta Urbana Municipal e Sostible do Concello de Ames.
- b) Haber sido privado/a dunha horta urbana municipal previo expediente sancionador.

Artigo 8. Criterios de prioridade.

O acceso ás hortas está aberto a todos os/as veciños/as de Ames.

Reservarase un 14 % das parcelas para casos de emerxencia social informados polos Servizos Sociais do Concello de Ames e outro 14 % das parcelas para persoas maiores de 65 anos.

Artigo 9. Competencias e vixilancia.

1) Correspóndelle ao Concello de Ames o exercicio das funcións técnicas de asesoramento, de vixilancia e de sanción para o correcto uso dos terreos de propiedade municipal afectados por esta normativa. Os usuarios/as serán responsables do seu correcto uso e dos danos efectuados neles, nas instalacións e nos elementos empregados, sexan estes de titularidade municipal ou propios das persoas usuarias. O Concello non se fará responsable dos danos ocasionados nas hortas e nas súas instalacións nin da desaparición e danos sufridos nos elementos que os/as usuarios/as empregan con ocasión do seu uso, nin dos danos que se poidan ocasionar a terceiros.

2) De forma regular, vixiarase o uso que se realice das hortas. Esta vixilancia efectuaráa o persoal dos departamentos de Medio Ambiente e Desenvolvemento Local, e a Policía municipal, e non será necesario aviso previo ao/a usuario/a.

3) Cando o informe de inspección sobre o estado dunha horta ou terreo en cuestión, ao que se refire o apartado anterior, sexa negativo ou desfavorable durante dúas ocasións ao longo da autorización, producirase a revogación do uso. Isto será motivo de baixa, aínda que se realice a correspondente solicitude de continuación por parte do usuario/a.

4) Con anterioridade ao remate do prazo de autorización de uso, se o/a usuario/a desexara seguir usando a horta durante un novo período, deberá presentar nova solicitude por escrito ante o Concello.

Artigo 10. Procedemento para a adxudicación das hortas

A utilización das hortas urbanas cualifícase como de uso privativo dos bens de dominio público, segundo o establece o artigo 75.1. do Regulamento de bens das corporacións locais.

O procedemento de adxudicación de parcelas iniciaráo de oficio o Concello, previa resolución da alcaldía.

Dita convocatoria publicarase nos taboleiros oficiais do Concello e na web municipal, para que, no prazo establecido (15 días hábiles), as persoas interesadas na autorización de uso das hortas poidan presentar a correspondente solicitude.

Na convocatoria pública farase constar:

- a) Número de hortas cuxo uso poderá autorizarse.
- b) Documentación que deberá acompañar as solicitudes.
- c) Prazo, lugares e horarios de presentación de solicitudes.
- d) Datas de exposición pública das listaxes provisionais e das listaxes definitivas.
- e) Lugar, data e hora do sorteo público.

Non se permite a presentación de máis dunha solicitude por unidade familiar. O incumprimento deste apartado orixinará a exclusión automática das solicitudes.

Artigo 11. Presentación de solicitudes

A solicitude, no modelo normalizado de instancia (Anexo I) desta ordenanza, presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Ames no prazo de quince días hábiles, a partires da publicación da convocatoria. Xunto a solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a) Instancia na que se solicita a autorización de uso dunha parcela.
- b) Fotocopia cotexada do DNI ou do documento que legalmente o substitúa.
- c) 2 fotografías recentes.
- d) Fotocopia cotexada do libro de familia.
- e) Se é o caso, informe dos Servizos Sociais do Concello de Ames.
- f) Declaración xurada de compromiso de coidado e mantemento da horta.
- g) Informe médico onde se indique que o/a solicitante e/ou os membros da unidade familiar que vaian a cultivar a horta poden realizar tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde.
- h) Calquera documento que se estime oportuno para acreditar as circunstancias especiais que xustifiquen a autorización de uso de hortas sostibles.
- i) O Concello comprobará de oficio o empadroamento e a ausencia de infraccións e débedas tributarias municipais.

Artigo 12.- Emenda de documentación e lista de persoas admitidas

Una vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, expoñerase ao público no taboleiros de anuncios e na páxina web municipal a lista provisional de persoas admitidas. Poderanse presentar reclamacións contra esta no prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte á exposición da listaxe provisional.

Una vez finalizado este prazo e resoltas as reclamacións presentadas, publicarase a lista definitiva.

Artigo 13.- Sistema de adxudicación da autorización.

1. Unha comisión designada pola Alcaldía será a encargada de avaliar as solicitudes presentadas (lista provisional, alegacións e lista definitiva).

2. A adxudicación da autorización correspóndelle a Alcaldía a proposta da comisión.

3. Para os efectos de autorización, dous ou máis membros dunha mesma unidade familiar considéranse como un mesmo usuario/a.

4. O uso das hortas concederase, en todo caso, a título de autorización demanial en precario por un período máximo dun ano. En consecuencia, o Concello, poderá acordar, en calquera momento, a revogación da autorización de uso concedida, a cuxo efecto, o/a usuario/a deberá cesar no uso e actividades desenvolvidas no terreo cedido, cun simple requirimento da Administración, e sen dereito de indemnización de ningunha clase, nin compensación económica por ningún concepto.

5. Ao finalizar o prazo de autorización ou despois da resolución anticipada desta, de se chegar a producir, a persoa usuaria deberá devolver ao Concello a horta cedida, baleira e en debidas condicións de uso.

6. O sistema de adxudicación das hortas realizarase mediante sorteo público entre todas as solicitudes admitidas dentro do prazo habilitado para tal efecto e tendo en conta as porcentaxes reservadas para emerxencia social e para persoas maiores de 65 anos.

7. Cada solicitante obterá un número de orde no referido sorteo e, segundo este número, elixirá parcela.

8. O sorteo celebrarase baixo a presidencia do alcalde ou do concelleiro/a en quen delegue e en presenza do/a secretario/a do Concello ou do/a funcionario/a en quen delegue que dará fe do acto, Neste sorteo determinarase que horta lle corresponde a cada persoa adxudicataria.

9. Os/as solicitantes que non obteñan parcela, formarán parte dunha lista de agarda.

Artigo 14. Autorización definitiva das hortas.

Unha vez realizada a adxudicación definitiva a resultas do sorteo, procederase no prazo de 15 días a expedir as correspondentes autorizacións demaniais para o uso privativo das hortas aos/as adxudicatarios/as onde se fará constar: a) o número e superficie da parcela concedida, b) duración concreta da autorización e c) as persoas que forman parte da unidade familiar e as que poden acceder para axudar ao/á titular da autorización.

1. A autorización do uso da horta para o seu cultivo no supón, en ningún caso, a transmisión da propiedade do terreo.
2. A autorización de uso é persoal e intransferible e só terá efectos mentres concorran as condicións sinaladas na autorización do uso da horta.
3. O/a beneficiario/a deberá asinar a acta de autorización do uso da parcela (anexo II). A esta acta engadiráselle unha copia desta ordenanza e a ficha técnica (Anexo III).
4. Crearase unha lista de agarda para o suposto de que algúns dos/as usuarios/as causen baixa antes de esgotar o prazo de uso da parcela.
5. As cuestións litixiosas que surxan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos desta autorización, serán resoltas polo órgano competente do Concello, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos. Contra os mesmos poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso administrativo antes os xulgados e tribunais da xurisdición contencioso- administrativa, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición.

Artigo 15. Novas adxudicacións.

1. En función das renuncias, baixas, revogacións ou calquera outra cousa que, conforme á presente ordenanza, determine a perda do dereito ao uso das hortas urbanas, poderá determinarse unha nova adxudicación de autorización de uso a favor doutra persoa que cumpra os requisitos establecidos.

2. No suposto de que se constituíse unha lista de agarda dentro do procedemento de adxudicación das hortas, as baixas cubriranse segundo a orde que ocupara cada persoa na referida lista de agarda.

Se non se constituíse lista de agrada, por insuficiencia de solicitudes, abrírase un novo procedemento encamiñado á unha nova autorización. De non existir máis que unha solicitude, adxudicárase directamente e, no caso de máis dunha solicitude, procederase segundo o descrito no artigo 13.

Artigo 16. Usuarios/as

1) O uso dos terreos non poderá transferirse nin cederse a un terceiro, baixo ningún concepto. Ademais queda prohibido permitir a outro a ocupación ou utilización parcial ou total dos terreos, nin sequera provisionalmente. O incumprimento destas obrigas determinará a extinción automática da autorización e facultará ao Concello para recuperar para si a posesión do terreo.

2) No suposto de que o adxudicatario non poida atender de forma temporal a horta cuxo uso lle foi autorizada pode delegar noutra persoa. Esta persoa deberá presentar si lle fora requirida polo persoal do Concello a correspondente autorización firmada polo adxudicatario. En todo caso tal delegación non poderá exceder de tres meses.

3) É motivo de baixa o abandono do cultivo e do coidado da horta por un período de 3 meses.

4) Prohibición de comercialización de produtos. Será factible o intercambio ou troco entre os/as usuarios/as dos produtos obtidos nas parcelas. Queda expresamente prohibida a comercialización destes produtos.

5) O aproveitamento e/ou uso do terreo concederáse por un máximo de un ano, contado dende o día seguinte ao da notificación da adxudicación.

6) Á finalización do período de autorización do uso da horta, o usuario deberá deixar a súa horta baleira e limpa, levantándose acta por parte do Concello do estado no que se entrega, a efectos de esixir posibles responsabilidades.

Artigo 17. Cultivos admitidos e excluídos.

Cultivos admitidos:

- a) Plantas hortícolas e florais de tradición local.
- b) Plantas aromáticas e medicinais.

Cultivos excluídos:

- c) Queda excluída a plantación de arbustos e árbores.
- d) Queda expresamente prohibido o cultivo de plantas degradantes do solo e do subsolo, o cultivo de plantas psicotrópicas e/ou prohibidas por lei e o cultivo de transxénicos.

Artigo 18. Fomento da agricultura sostible

Para tratar de entroncar esta actividade cos métodos tradicionais de labranza, pero sen renunciar a novos coñecementos, as técnicas agrícolas utilizadas serán sostibles.

O Concello promoverá a agricultura sostible mediante formación e apoio. Os/as adxudicatarios/as das hortas deberán asistir ao curso de formación sobre “prácticas sostibles nas hortas urbanas”, impartido polo Concello de Ames antes do inicio da actividade hortícola, e seguirán o manual de boas prácticas de agricultura sostible facilitado no curso.

O cultivo da horta farase de xeito respectuoso co medio ambiente, o que implica o uso de fertilizantes naturais e a minimización do emprego de produtos químicos seguindo as indicacións do manual de boas prácticas de agricultura sostible.

Potenciarase o intercambio e emprego de sementes autóctonas e especies locais que rendibilicen as características do terreo e as condicións climáticas do Concello.

Artigo 19. Horario

O horario das hortas determínase en función do mellor aproveitamento das horas de luz solar. Deste xeito, a Horta Municipal permanecerá aberta dende unha hora antes da saída do sol ata unha hora despois do solpor, de luns a domingo, atendendo especialmente a non molestar aos veciños/as con calquera tipo de comportamento ruidoso que altere o descanso.

Os/as distintos/as usuarios/as das hortas deberán respectar de xeito estrito os horarios establecidos en canto á apertura e peche das hortas. O incumprimento reiterado dos citados horarios poderá ser causa de revogación da correspondente autorización de uso.

Artigo 20. Préstamo de utensilios e ferramentas.

a) Os/as usuarios/as das hortas recibirán, en concepto de préstamo, útiles de uso común para realizar a actividade agrícola e deberán utilizalos co debido coidado para impedir a súa deterioración.

b) No caso de que as ferramentas prestadas sufran algún dano que imposibilite o seu uso, deberán comunicalo aos responsables municipais asignados a vixilancia da horta e indicar as causas que motivaron o dano. De igual xeito, o compromiso esténdese á custodia das ferramentas, co fin de evitar calquera incidente que tivese como resultado a perda ou subtracción destas.

c) Os espazos destinados a gardar as ferramentas comúns deben manterse limpos e en bo estado e os participantes non gardarán nos devanditos lugares obxectos ou roupa particular.

d) Do mesmo modo, cada beneficiario/a usuario/a debe custodiar o espazo onde se gardan as ferramentas e as súas propias chaves para devolvelas ao Concello, ao finalizar a autorización de uso.

e) As ferramentas e os demais útiles prestados polo Concello deberán estar en perfecto estado e limpos ao finalizar a autorización. Deberase comunicar calquera dano que se detecte neste material.

f) En caso de furto ou roubo das ferramentas, o/a usuario/a do horta deberá realizar a denuncia ante a Policía e comunicar o feito ao Concello.

Artigo 21. Inventario de materiais.

O persoal dependente do Concello, con anterioridade á entrega das autorizacións de uso, deberá realizar un inventario dos bens de uso común que se entregan para empregar nas hortas urbanas. Dito inventario será asinado por cada usuario/a xunto coa acta de autorización de uso.

Artigo 22. Seguimento das hortas sostibles municipais.

O Concello levará a cabo un seguimento da xestión das hortas, coa colaboración do departamento de Medio Ambiente, co obxecto de garantir un adecuado desenvolvemento do Programa Municipal de Hortas Sostibles e Solidarias. Para isto, desenvolverá as seguintes accións:

a) Seguimento da xestión do recinto e seguimento do mantemento dos espazos individuais e comúns.

b) Dar as instrucións precisas aos/ás horteláns/ás, en relación con calquera aspecto relacionado coa xestión, uso e mantemento das hortas.

c) Velar polo uso adecuado das hortas.

d) Fomentar a agricultura ecolóxica.

e) Promocionar e controlar o uso eficiente e sostible da auga nas hortas, e promover, se é o caso, novos sistemas de rega.

f) Atender as necesidades ordinarias dos/as adxudicatarios/as, sempre que o requiran, e xestionar os temas e asuntos de carácter xeral que poidan xurdir.

g) Inspeccionar o estado das parcelas e das zonas comúns, supervisar o inventario de materiais, e propoñer, se é o caso, a reposición destes.

h) Levar seguimento do programa de compostaxe nas hortas.

i) Programar as actuacións complementarias ao uso e xestión do horta e realizar unha memoria anual.

Artigo 23. Comisión Técnica Seguimento

O Concello creará, por resolución da Alcaldía, unha Comisión Técnica de Seguimento integrada por:

a) O/a concelleiro/a de Medio Ambiente, que actuará de presidente/a, ou persoa en quen delegue.

b) O/a concelleiro/a de Desenvolvemento Local, ou concelleiro/a no/a que delegue.

c) Un/unha técnico/a municipal da Concellaría de Medio Ambiente.

d) Un/unha técnico/a municipal da Concellaría de Desenvolvemento Local

e) 2 representantes dos/as usuarios/as das Hortas Urbanas Municipais Solidarias e Sostibles.

Ocasionalmente, con autorización da presidencia, poderán asistir con voz pero sen voto, técnicos expertos, que poidan achegar os seus coñecementos e experiencias.

A Comisión Técnica reunirse semestralmente con carácter ordinario, e con carácter extraordinario por iniciativa do/a presidente ou cando o solicite un mínimo de 3 dos seus membros. A Comisión Técnica de Seguimento será a encargada de:

a) O seguimento do funcionamento do programa educativo e de xestión.

b) Recoller as suxestións dos/as usuarios/as e facer propostas de mellora.

c) Informar nos conflitos e incidencias relativos ao uso das hortas.

d) Propoñer a resolución de expediente de revogación da autorización de uso.

e) Calquera outra función que se lle atribúa en relación ás Hortas Urbanas Municipais Sostibles e Solidarias.

Artigo 24. Extinción da autorización

1) O vencemento do prazo ou das súas prórrogas.

2) Baixa voluntaria por petición do propio usuario/a.

3) Morte ou incapacidade sobrevida do usuario/a. Neste caso a horta poderá transmitirse ao seu conxugue, parella de feito ou a un membro da súa unidade familiar, sempre que cumpran os requisitos para ser beneficiarios e polo período que resta para cumprir o prazo da autorización de uso.

4) Baixa padrón municipal habitantes.

5) Falta de cultivo da parcela durante máis de tres meses consecutivos.

6) Desaparición ou perda das circunstancias que motivaron a autorización de uso.

7) Utilizar a horta para uso e finalidades diferentes ás que se presentan nesta ordenanza.

8) Requirimento do terreo por parte do Concello para obras, servizos, instalacións ou para a construción de infraestruturas ou equipamentos de interese social ou xeral.

9) Por imposición dunha sanción, cando se determine expresamente na resolución sancionadora.

10) Por mutuo acordo

Artigo 25. Dereitos

1) O/a usuario/a só poderá utilizar ou destinar o terreo que se lle concede para uso hortícola, segundo os criterios establecidos na presente ordenanza.

2) O/a usuario/a debe executar persoalmente ou coa axuda dos membros da súa unidade familiar os traballos agrícolas, dado que a autorización do uso da horta é persoal e intransferible. Tamén se permite a normal axuda entre usuarios/as.

3) O/a adxudicatario/a terá dereito a traballar a parcela adxudicada e gozar dos seus produtos.

4) Os/as usuarios/as disporán dun carné que acredite a súa pertenza ás hortas municipais.

Artigo 26. Prohibicións

As parcelas dedicaranse única e exclusivamente a horta familiar. Queda expresamente prohibido:

1. A realización de ningún tipo de obras. En concreto, prohibese a instalación de valados, grellas, taboleiros fixos ou bancos; construír ou instalar casetas, alpendres, cabanas ou edificacións de calquera tipo, sexan con materiais artificiais ou naturais. Tampouco se permite a construción ou instalación de novos elementos ou a modificación dos existentes, sen autorización previa do Concello.

2. Utilizar a horta como depósito ou almacén de materiais ou de mobiliario.

3. O abandono e acumulación de calquera material alleo á función da horta susceptible de alterar á estética do lugar.

4. A construción de pozos.

5. Instalar galiñeiros e/ou gaiolas para a cría ou posesión de calquera animal.

6. A presenza de animais na horta.

7. Queimar os restos xerados na horta ou realizar calquera tipo de lume.

8. Tirar os restos xerados na horta a outras hortas ou parcelas, e non separar correctamente os residuos xerados para a posterior reciclaxe.

9. Malgastar a auga.

10. Deixar a horta sen traballar.

11. Empregar trampas u outros métodos de captura para a fauna ou cebos con substancias venenosas

Artigo 27. Obrigas

1. O/a usuario/a da horta será responsable do mantemento e coidado das instalacións inherentes á horta, así como daquelas que sexan de uso común para os usuarios da zona.

2. Os usuarios das hortas comprométese a reparar ou repoñer aqueles bens ou utensilios que resulten danados, destruídos ou extraviados por un uso inadecuado.

3. No momento de entrega da horta determinaranse as instalacións que deban ser consideradas inherentes a esta, co fin de garantir que se encontren en perfecto estado no momento de producirse a baixa, por calquera causa, sendo a antiga persoa usuaria a responsable da falta de elementos das instalacións, así como, dos danos e/ou prexuízos que puidesen existir sobre estes.

4. En todo momento respectaranse os límites de horta establecidos polo Concello.

5. Entre os límites de parcelas poderanse construír canos que ademais de delimitar as hortas, servirán de desaugadoiro dos terreos.

6. As parcelas destinadas a hortas permanecerán abertas e non se permitirá cercalas con estacas ou outros elementos.

7. O/a usuario/a será responsable do correcto estado de acceso á horta. Para iso deberá levar a cabo o mantemento regular que requira.

8. Os horarios de apertura e peche deberán respectarse escrupulosamente.

Artigo 28. Uso da auga para rega

O Concello determinará o uso e forma da rega.

1. Non se poderá alterar, manipular ou modificar a instalación de rega existente sen autorización municipal.

2. Queda prohibida o rega por aspersion.

3. Cada usuario disporá unicamente da auga diaria que lle sexa asignada. Non poderá utilizar auga doutro/a usuario/a sen a autorización deste/a, nin poderá collela da rede por un punto distinto ao correspondente á súa horta.

4. Queda totalmente prohibida a alteración da frecuencia de apertura de válvulas dende o depósito sen autorización municipal.

Artigo 29. Xestión de residuos:

Os adxudicatarios/as terán que facerse cargo de xestionar adecuadamente os desperdicios que se produzan.

No se deben deixar desperdicios nin orgánicos nin inorgánicos fóra dos lugares asignados para este fin.

Artigo 30. Uso e mantemento das instalacións comúns.

Os/as usuarios/as das hortas serán responsables do mantemento e correcto estado de operatividade, decoro e seguridade das hortas.

As persoas usuarias das hortas que non cumpran coas súas responsabilidades, ademais de sufrir as consecuencias xurídicas que procedan, poderán ser dadas de baixa como usuarias das hortas.

Prohíbese a circulación ou estacionamento de vehículos dentro de todas as instalacións (hortas, camiños de repartición, zona de servizos, etc.), agás no espazo destinado para tal fin fóra das hortas.

Artigo 31. Revogación das autorizacións

A autorización para a explotación dos hortos urbanos poderá revogarse por incumprimento de calquera das normas de uso ás que se fai referencia na presente ordenanza, sen que o seu titular teña dereito a indemnización algunha e sen prexuízo da incoación do expediente sancionador ao que houbera lugar.

Artigo 32. Indemnización de danos e prexuízos.

Toda persoa que cause danos nas hortas municipais ou instalacións anexas a estas deberá indemnizalos con independencia das sancións que resultaren procedentes.

Artigo 33. Reparación de danos en caso de urxencia.

Nos supostos nos que sexa inaprazable a reparación de danos e prexuízos, por motivos de seguridade ou por calquera outro debidamente acreditado, poderá procederse á súa inmediata restitución e á esixencia posterior do importe correspondente ao/a causante destes.

Artigo 34. Outras responsabilidades.

Sen prexuízo do previsto nos artigos precedentes, cando os feitos dos cales se derivaron os danos puidesen ser constitutivos de delito ou falta, remitirase o expediente á xurisdición penal e deixarase en suspenso a tramitación e resolución dos correspondentes expedientes administrativos de esixencia de resarcimento, en tanto non se acorde o sobresemento da causa ou se dite sentenza firme.

Disposición adicional.

En todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Lei de patrimonio das Administracións Públicas e o Regulamento de bens das entidades locais.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL en relación ao artigo 70, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

| | |
|--|-------------------------------------|
| ANEXO I SOLICITUDE PARA HORTAS URBANAS SOSTIBLES E SOLIDARIAS DO CONCELLO DE AMES | A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN |
| | Registro |

INTERESADO/A

| | | | |
|----------------|------|--------------------|-----------|
| DNI | | Nomes e Apelidos | |
| Enderezo/Lugar | | | |
| Parroquia | C.P. | Municipio | Provincia |
| Teléfono | | Correo electrónico | |

SOLICITO

AUTORIZACIÓN para o aproveitamento, uso e disfrute dunha das parcelas do Horto Sostible e Solidario, e para o caso de resultar adxudicatario comprometése ao cumprimento do disposto na Ordenanza reguladora do uso dos Hortos Sostibles e Solidarios. Sendo :

- Maior de 65 anos
- Menor de 65 anos

DOCUMENTACION QUE SE ACOMPAÑA

- Fotocopia cotexada do D.N.I ou documento que legalmente o substitúa.
- 2 Fotografías recentes.
- Declaración xurada de compromiso de coidado e mantemento do horto
- Informe médico onde se indique que o solicitante e/ou membros da unidade familiar que vaian a cultivar o horto poden realizar tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde.

De SER O CASO

- Informe dos Servizos Sociais do Concello de Ames.

Outros (Indicar cales):

ASI MISMO AUTORIZO

Ao Concello de Ames a comprobar de oficio que estou empadroado/a, e a ausencia de infraccións no cumprimento das obrigas tributarias para con este Concello.

Ames, de do 20.....

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

Consonte o disposto na lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Ames relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello

ANEXO II**ACTA DE AUTORIZACIÓN DO USO DE LA PARCELA N° _____ DOS HORTOS URBANOS SOSTIBLES E SOLIDARIOS DO CONCELLO DE AMES.**

D/Dª. _____, con D.N.I _____,

domicilio a efectos de notificacións en _____, Parroquia de _____ teléfono _____, veciño/a do Concello de Ames.

RECIBE A AUTORIZACIÓN para o uso gratuïto da parcela número ____, propiedade do Concello de Ames, de ___ m2 que lle foi outorgada mediante sorteo público celebrado no Salón de Plenos do Concello de Ames o día ____ as ____ horas, así como as seguintes ferramentas: _____

CO COMPROMISO, de cultivar dita parcela de forma ecolóxica durante 1 ano, baixo a supervisión do Concello de Ames condicionando esta autorización, ao cumprimento da ordenanza municipal REGULADORA DO USO DAS HORTAS ECOLÓXICAS E SOLIDARIAS MUNICIPAIS CONSTITUIDAS EN ESPAZOS PÚBLICOS,

E para que así conste, asino a presente acta de Autorización, os Anexos que recollen a ordenanza reguladora do Hortos Urbanos Sostible e Solidarios do Concello de Ames e o Inventario de materiais de uso común.

En Ames a ____ de ____ de 20 ____

POLO CONCELLO

Santiago Vicente Amor Barreiro

Alcalde-presidente

O TITULAR DA AUTORIZACION

D.

